

PROPOSTA DE BASES XERAIS POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL CON CARÁCTER TEMPORAL (PARA DUAS PRAZAS DE PEON OBRAS PUBLICAS)por un PERIODO DE TRES MESES , PARA PRESTAR SERVIZOS NO CONCELLO DE PORTOMARIN

1.- OBXECTO.-

Estas bases teñen como finalidade a determinación do sistema, procedemento e baremo que se aplicará na selección de (DOUS PEONS OBRAS PUBLICAS) Para este Concello.

As bases publicaranse no Taboleiro de Anuncios da Entidade e na páxina web www.concellodeportomarin.es

2.- RELACIÓN XURÍDICA DOS TRABALLADORES COA ENTIDADE SOLICITANTE .

Os traballadores estarán vinculados á este Concello, mediante a modalidade de contrato de duración determinada (tres meses) estando a súa relación laboral determinada polo que así se estableza no respectivo Convenio Colectivo. **Os contratos de traballo terán carácter temporal, cunha duración de tres meses e a xornada será completa.**

3- ASPIRANTES QUE PODEN PRESENTARSE

O proceso iniciarase, coa tramitación de oferta de emprego ante o Servizo Público de Emprego de Galicia. O número de prazas a ofertar será de dúas para peons de obras publicas .

A oficina de emprego comunicará aos candidatos o lugar, día e hora (**14-xullo-2010 AS 12,30 HORAS , no Concello de Portomarín**) para realizar a selección orientada a cubrir a oferta de emprego formulada, indicándolles que deberán presentar o día fixado para a Entrevista (14-xullo-2010)a documentación que acredite os méritos que alegue o aspirante.

4.- REQUISITOS ESPECÍFICOS DOS ASPIRANTES

Os aspirantes terán superado os estudos de:

Nº TRABALL.	OCUPACIÓN	TITULACIÓN
2	Peons obras Publicas	Certificado de Escolaridade

5.- REQUISITOS XERAIS DOS ASPIRANTES

Os aspirantes deberán manifestar que reúnen os requisitos que seguidamente se sinalan na data fixada para a realización da entrevista e que están en condicións de acreditarlos, unha vez superadas as probas selectivas, antes de que se dite resolución a favor dos aspirantes que vaian ser contratados temporalmente.

- a) Ter nacionalidade española, ou ter nacionalidade doutro Estado sempre que se cumpran os requisitos do artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, respecto do acceso ao emprego público de nacionais doutros estados.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do posto ao que aspira. En consecuencia non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desenvolvemento das funcións do cargo, sen prexuízo de que sexan admitidas as persoas con minusvalías en igualdade de condicións que os demais aspirantes.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario no que houbese estado separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- e) Posuír o certificado de estudos primarios.

6.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN

6.1. COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL.-

O Tribunal de selección acomodarse ao establecido nos artigos 60 e 61 do EBEP e estará integrado por cinco membros:

Presidente: D^a Alicia de la Iglesia Lopez
Secretario: D. Jose Luis Vázquez Méndez.

Vogais: D. Jesus Rodriguez Vázquez.
D. Jose Antonio Varela Vázquez.
D^a Margarita Viña Santos.
D. Angel Manuel Castro Vázquez.

Suplentes:

Presidente: D. Eduardo Fernández Arias
Secretario: D. Pablo Veiga Lopez-Cstelo
Vogais: D. Serafín Lopez Rodriguez
D. Jose Antonio Lopez Perez.
D. Carlos Santoalla Varela
D. Jose Antonio Somoza Castro

Non poderán formar parte dos Tribunais as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos ou o persoal eventual.

O nomeamento dos membros titulares e suplentes que constituirán o Tribunal Cualificador, realizarase por Decreto do Alcalde- Presidente, debendo posuír, en calquera caso, titulación ou especializacións iguais ou superiores as esixidas para o acceso a función convocada.
Todos eles deberán estar adscritos a un posto de traballo que requira igual ao maior nivel de titulación esixido para cada un dos postos de traballo.

6.2.- INCORPORACIÓN DE ASESORES E PERSOAL DE COLABORACIÓN

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores naquelas probas que demanden oír a opinión de técnicos especialistas, así como dos colaboradores.

7.- SISTEMA DE SELECCIÓN

O sistema de selección será o concurso

8.- BAREMO DE MÉRITO

8.1.- EXPERIENCIA LABORAL:

A/.- Por experiencia profesional na administración en posto igual ou similar 0.10 puntos por mes traballado . Máximo 3 puntos.

B/.- Por experiencia profesional na empresa privado en posto igual ou similar 0.10 puntos por mes traballado . Máximo 2 puntos.

8.2.- ENTREVISTA CURRICULAR

A entrevista valorarase ata un **máximo de 5 puntos**.

A entrevista terá como finalidade apreciar o grao de madurez e dominio dos coñecementos, formación e experiencia acreditada no currículo, en relación coas funcións á que vai desempeñar. Versará sobre o grao de formación xeral e técnica na que se valorará principalmente a aptitude e actitude para o posto de traballo que se convoca

9.- MODO DE ACREDITACIÓN DOS MÉRITOS:

Xunto coa documentación acreditativa dos méritos , deberán presentar a correspondente solicitude según o Anexo I

A) Documentación acreditativa dos méritos.

Os candidatos convocados polo Servizo Público de Emprego de Galicia, deberán presentar os seus méritos o doa fixado para a entrevista , coas xustificacións documentais dos méritos que desexen alegar en relación co posto/función que se convoca, mediante:

- Certificacións de servizos prestados, expedida polo organismo oficial no que se prestaron, certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social á que deberá achegarse contrato de traballo

Non se valorarán os méritos que non se acrediten documentalmente ou que, a xuízo do Tribunal, non estean suficientemente acreditados.

Os méritos aos que se fai referencia no baremo deberán posuírse na data da realización da entrevista , computándose en calquera caso ata a citada data.

B) Consecuencias do incumprimento do establecido no apartado anterior.

A non acreditación dos méritos alegados conforme se sinala no apartado anterior, determinará que estes non serán tidos en conta polo Tribunal nin se valorarán aínda que se acrediten fóra do prazo de presentación de instancias xa que non poderá subsanarse. Tampouco se requirirá aos interesados para que os acrediten.

10.- Os traballadores seleccionados percibirán a asignación económica que lles correspondenda segun o Convenio regulador .

11.- CUALIFICACIÓN FINAL.-

A cualificación final virá determinada pola sumas das puntuacións obtidas no concurso, establecendo para estes efectos a orde definitiva de aspirantes seleccionados.

12.- PROPOSTA DE SELECCIÓN

O presidente do Tribunal, á vista da lista de aspirantes seleccionados, formulará proposta de selección ante a Sra. Alcaldesa- Presidente do Concello, sen que esta poida superar o número de postos . A devandita proposta publicárase no Taboleiro de Anuncios do Concello de Portomarín.

O Tribunal establecerá a orde do resto de aspirantes que non foron seleccionados .

No obstante o anterior, sempre que os órganos de selección propuxeran a resolución do proceso selectivo a favor de igual número de aspirantes que o de prazas convocadas, e co fin de asegurar a cobertura das mesmas, cando se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados, antes da contratación o órgano convocante poderá requirir do órgano de selección relación complementaria dos aspirantes que sigan aos propostos,

En caso de renuncia expresa á contratación por parte dos candidatos seleccionados procederase á contratación do seguinte na relación dos non seleccionados de acordo coa orde establecida na mesma

13.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

Os aspirantes propostos presentarán no Rexistro Xeral do Concello de Portomarín a seguinte documentación

a) Fotocopia do DNI, que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsión.

b) Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.

- c) Copia autenticada ou fotocopia , do certificado de estudos primarios
- d) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e número de conta

bancaria.

O prazo de presentación será de 5 días naturais contados a partir do día seguinte á publicación da proposta de selección no Taboleiro de Edictos, prazo que poderá ampliarse cando os seleccionados acrediten que non puideron presentar algún documento por causas alleas á súa vontade.

-RESOLUCIÓN E CONTRATACIÓN

Á vista da proposta do Tribunal e constatado que os aspirantes acreditaron os requisitos esixidos, o Alcalde- Presidente resolverá o procedemento selectivo, decidindo a contratación.

A non presentación no posto de traballo no día e hora indicados para o comezo da relación laboral, enténdese como renuncia ao posto de traballo salvo causas debidamente xustificadas.

14.- DEREITO SUPLETORIO E XURISDICCIÓN.

No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local, Estatuto dos Traballadores e demais normas que resulten de aplicación, estando os órganos competentes da Xurisdición contencioso-Administrativa para dirimir as controversias que se produzan na aplicación destes

15.- RECURSOS.

Contra a resolución, que é definitiva en vía administrativa e pola que se aproban as bases desta convocatoria, poderán os interesados interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Sra. Alcaldesa- Presidente do Concello de. no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á recepción da presente notificación ou recurso contencioso-administrativo, ante o xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora da devandita Xurisdición, sen prexuízo de que poida interpor calquera outro que estime procedente.

Portomarin a, 05-xullo-2010-

A Alcaldesa,

ANEXO 1

11.- MODELO DE SOLICITUDE

I.- DATOS REFERENTES AO POSTO DE TRABALLO (PEON OBRAS PUBLICAS)

II.- DATOS PERSOAIS

Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome
Data de nacemento	D.N.I	Nacionalidade
Domicilio		
Municipio	C.P. Provincia	Teléfono

SOLICITA

Ser admitido ao proceso de selección convocado para a contratación laboral temporal (dous meses) mediante contrato de duración determinada obra ou servizo determinado para o posto de PEON DE OBRAS PUBLICAS .

A estos efectos aporto a seguinte documentación conforme a requerida na convocatoria.

Declaro que son certos todos os datos consignados nesta solicitude e que conezo e reuno as condicións e requisitos esixidos nesta Convocatoria.

En Portomarin a de de 2010